

**O VÍDEO COMO ELEMENTO  
DESCENTRALIZADOR DO  
PROCESO DE ENSINO-  
APRENDIZAXE.**

# ORIXE NA BUSCA DUN SISTEMA QUE PERMITA:

- Incentivar o traballo fóra da aula.
- Ofrecerlle unha alternativa ao alumnado que non pode desenvolver a práctica (por lesións, cirurxiás, etc.)
- Adaptarlle o proceso ao alumnado.
- Favorecer a autonomía do alumnado.
- Abondar no traballo das competencias clave.
- Eliminar a perda de rendemento por ansiedade ante un exame.

# Características

- Carácter voluntario.
- O vídeo vale como medio cara a consulta e correccións vía correo-e.
- O vídeo ten validez de exame se cumpre uns requisitos mínimos de iluminación e identificación do participante.
- Para que un vídeo conte como exame superado debe contar coa contestación explícita vía correo-e de ter superada a materia.
- Pódese enviar vídeos, tantos como se poida, no tempo limitado (xeralmente ate final de avaliación).
- Se o vídeo resulta de interese educativo, pola calidade, xesto, etc. solicítase permiso para o seu uso didáctico.
- Pódese valorar como traballo voluntario cara á materia.

# Protocolo

1. O alumnado debe ter moi claro o resultado que se espera.
2. Deixar parte do proceso no alumno, buscando a súa creatividade e autonomía.
3. O tempo de traballo na clase debe ser xusto para acadar os resultados, se lles sobra tempo non buscarán alternativas de rendemento fóra da aula.
4. Os vídeos enviaranos mediante almacenaxe na nube, compartíndoos. As primeiras semanas cómpre preguntar quen enviou algo por se hai problemas cos permisos.
5. Contestar canto antes mediante instrucións claras:
  - a. Se non superou os mínimos, apuntarlle onde está o erro e a corrección que precisa.
  - b. Se superou os mínimos, confirmarllo e cualificalo por se quere subir nota.
  - c. Animalo a que envíe máis material e/ou axude a outros compañeiros a envialo.
6. En caso de que o vídeo sexa de interese académico solicitar permiso para o seu uso e facilitar a información sobre as licencias [Creative Commons](#).



# XUSTIFICACIÓN

Xabier Villarrenaga

# OBXECTIVOS ESO

[Artigo 10]

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina [..]
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, [...] Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías [...]
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo [...]
- m) [...] afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social [...]

# METODOLOXÍA ESO

[Artigo 11.]

1. [...] arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe[...]
2. A metodoloxía didáctica neste etapa será [...] activa e participativa [...]
6. [...] atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias [...]
8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

# Educación Física

## INTRODUCCIÓN

Educación Física terá como fin estratéxico introducir o alumnado cara a práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, nas que poida manter un papel de practicante activo ao longo da súa vida, [...]

[...] Os departamentos didácticos deben desenvolver unha estratexia metodolóxica [...]considerando que a promoción da práctica diaria de deporte e o exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar debe formar parte do seu desenvolvemento integral.

## METODOLOXÍA

- [...] deseñará diferentes tipos de tarefas e secuencias adaptadas aos niveis, ás formas e aos ritmos [...] Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos o máis ampla posible [...]
- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base na descuberta guiada, a resolución de problemas, o traballo por retos e proxectos, e a cooperación, tendo presente o desenvolvemento da creatividade do alumnado

# Competencias Clave

- Comunicación lingüística.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
- **Competencia dixital.**
- **Aprender a aprender .**
- Competencias sociais e cívicas.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**
- Conciencia e expresións culturais.

# EXEMPLOS

- I. Presentación temas e /ou unidades didácticas
- II. Traballos dos alumnos que non poden facer práctica
- III. Exames
- IV. Apuntamentos

# CONCLUSIÓN

## AVANTAGES

1. O alumnado amósase máis participativo.
2. Perden o medo a amosar as súas habilidades ao existir varias oportunidades.
3. Corrección de erros personalizada no alumno.
4. O alumno xestiona o seu tempo e só envía cando supera a proba ou unha dificultade o bloquea. Polo que, ou aproba ou recibe un feed-back específico do seu erro.
5. Efecto motivante para outros alumnos.
6. Traballo das TIC's
7. Os tutoriais desenvolvidos polo alumno vale como apuntamentos para o resto.
8. Traballan máis e máis constantemente.

## INCONVENIENTES

1. Archivos moi pesados. É preferible que compartan desde a nube para evitar saturar o noso disco duro.
2. A descentralización atinxe tamén aos horarios. O alumno debe chegar á seguinte aula coas correccións recibidas, para que as poda traballar, tamén, antes da aula.
3. É difícil que o método arranque, unha vez que o primeiro alumno obtén resultados non haberá problema.

Contacto:

[xabiervillarrenaga@edu.xunta.es](mailto:xabiervillarrenaga@edu.xunta.es)

[xabier.villarrenaga@gmail.com](mailto:xabier.villarrenaga@gmail.com)



Xabier Secundaria

IES de Pastoriza

Xabier Villarrenaga